

Macromagnitudes da pesca. Anos 2001 e 2002


COMUNICADO

O sector pesqueiro galego xera unha cifra de negocio de 1.000 millóns de euros

O sector da pesca marítima en Galicia (incluíndo pesca extractiva, marisqueo a pé e acuicultura marítima) xerou unha cifra de negocio en 2001 de 956.687,05 miles de euros, cifra que diminuíu ata os 922.314,28 miles de euros no ano 2.002. O estudo dirixido a armadores de buques con porto base en Galicia, mariscadores a pé e empresas acuícolas con establecementos na comunidade galega, mostra o seguinte reparto desta cifra por subsectores:

SUBSECTOR	2001	2002
Marisqueo a flote	3,87%	4,47%
Pesca costeira	22,55%	21,94%
Pesca de altura	48,27%	45,77%
Marisqueo a Pé	2,75%	3,15%
Acuicultura mariña	22,55%	24,67%

A maior parte das vendas derivadas da actividade do sector en conxunto ten como destino Galicia (72,12%), e máis concretamente un 38,26% das vendas realízanse na lonxa, aínda que estas porcentaxes varían moito dun subsector a outro.



Elevados costes de explotación na pesca extractiva

Os gastos de explotación no total do sector supoñen ó redor dun 75% da cifra de negocio, inda que, coma no caso anterior, difiren segundo o subsector. Así, en marisqueo a pé só supoñen un 3,5%, en acuicultura preto dun 55% e en pesca sobre un 85%. Excepto en pesca costeira e de altura, onde o maior peso corresponde a gastos de persoal, no resto de subsectores a partida de gastos máis importante corresponde ás compras de materias primas e outros aprovisionamentos (combustible, envases e embalaxes, repostos, aparellos de pesca, sementes e alevíns, sal, xeo, etc).

Un 58,89% das compras de explotación se realizan en Galicia, un 13,25% en España e un 27,86% no resto do mundo, dato que se explica polo gran peso da pesca de altura no sector, que realiza fora de España case o 45% das súas compras. Dentro da comunidade galega, as compras efectúanse sobre todo a comerciantes por xunto, salvo no caso do marisqueo (a flote e a pé) onde máis do 60% das compras teñen a súa orixe nos comerciantes polo miúdo.

Máis de 29.000 postos de traballo directos

A actividade pesqueira xerou 29.651 postos de traballo directos no 2001 e 29.218 no 2002. O reparto entre persoal asalariado e non asalariado é moi desigual por subsectores, aínda que estas porcentaxes se equilibran para o total da pesca. A remuneración media dos asalariados no sector achégase ós 19.000 €.

ANO 2002	Marisqueo a flote	Pesca costeira	Pesca de altura	Marisqueo a pé	Acuicultura mariña	Total sector
% Asalariados	22,43%	73,33%	98,14%	0,00%	43,60%	50,68%
Remuneración media por asalariado (€)	3.959,70	12.682,57	29.500,98	0,00	21.338,44	18.901,35

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
 Complexo Administrativo San Lázaro s/n
 15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
 Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
 FAX: 981.54.13.23
 Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>
 e-mail: ige@xunta.es